

TIPOLOXÍA LINGÜÍSTICA

Titulación: <i>Filoloxía Galega</i>	Curso ou ciclo: 5º	Cuadrimestre: 2º
Créditos: 6	Carácter: <i>Optativa</i>	Lingua na que se imparte: <i>galego</i>
Área de coñecemento: <i>Lingüística Xeral</i>		
Departamento: <i>Tradución e Lingüística</i>		
Créditos LRU: 6 [= 60 horas clase]	Adaptación a créditos ECTS: 6	
	A) Horas presenciais: 60 Exposicións e comentarios teóricos: 25 Resolución e comentario de exercicios: 25 Tutorización do traballo de curso: 10	
	B) Horas non presenciais: 95 Tempo de estudo e lecturas: 40 Realización de exercicios e traballos: 55	
	Horas totais (presenciais + non presenciais): 155	

Profesorado:

José Mª García-Miguel Gallego	Web: http://webs.uvigo.es/weba575/jmgm/
Tutorías: Luns 14-15 Mércores 10-11, 13-15	
Despacho: C55	Teléfono(s): 986 812 071 Correo-e : gallego@uvigo.es

Obxectivos

- Identificar as dimensións que fundamentan as semellanzas e diferenzas entre as linguas
- Revisar e mellorar as técnicas de análise lingüística aplicándoas a linguas diversas,
- Introducir as principais contribucións da tipoloxía lingüística ao desenvolvemento da lingüística xeral
- Con todo o anterior, fornecer unha nova perspectiva na comprensión das linguas próximas ou lonxanas

Destrezas buscadas:

Ao finalizar o curso, os estudantes deberán ser capaces de:

- definir e explicar os principais conceptos e termos que se utilizan para describir a gramática de calquera lingua do mundo
- analizar e glosar grupos de exemplos, convenientemente organizados, de calquera lingua
- identificar e comentar fenómenos gramaticais presentes en textos glosados de calquera lingua
- interpretar as descrições gramaticais existentes dunha lingua en termos que permitan a comparación tipolóxica con outras linguas
- avaliar as dimensións semánticas e pragmáticas que fundamentan as semellanzas e diferenzas entre as linguas

TEMARIO

1. As linguas do mundo

A linguaxe e a diversidade de linguas. Criterios de clasificación das linguas: clasificación xenética, clasificación tipolóxica, outros criterios de clasificación. Panorama das linguas do mundo: principais familias de linguas e a súa localización.

2. Fundamentos de tipoloxía lingüística

A tipoloxía lingüística: obxecto, historia e métodos. Universais e tipos lingüísticos: clases de universais. Unidade e diversidade nas categorías gramaticais e no léxico. A fonoloxía das linguas. A tipoloxía morfolóxica.

3. Conceptos básicos de tipoloxía sintáctica

Predicados/eventos, argumentos/referentes e propiedades. Categorías gramaticais. Funcións sintácticas, semánticas e discursivas. A tipoloxía da orde de constituíntes A expresión de relacións sintácticas: marcación no núcleo e marcación no dependente.

4. A estrutura sintáctica e semántica da cláusula

Participantes e circunstancias. As técnicas de expresión das relacións actanciais. Os sistemas actanciais: sistemas acusativos, ergativos e outros. Variación actancial

5. A prominencia dos participantes: Diátese, voz e outros procesos de axuste

Aumento, diminución e modificación de valencia. Incorporación. Voz pasiva e antipasiva. Voz media. Outras voces. A expresión de Tema e Foco.

Facultade de Filoloxía e Traducción: Programas docentes 2007-2008

6. Nomes e frases nominais

(I) *As categorías nominais*. A clasificación nominal: xénero, clases nominais e clasificadores. O número e a cuantificación nominal. A determinación. O caso. A deixé persoal e os sistemas de pronomes persoais.

(II) *A estrutura das frases nominais*: a modificación adxectiva, posesiva, nominal, as cláusulas relativas.

7. O verbo e categorías oracionais

Tempo, aspecto e modo. Outras categorías verbais. Auxiliares e partículas verbais.

A negación. A interrogación

8. As cláusulas complexas

Verbos en serie. Cláusulas completivas. Cláusulas relativas. Cláusulas adverbais.

Bibliografía indispensable

Comrie, Bernard (1981): *Universales del lenguaje y tipología lingüística*. Madrid: Gredos 1988.

Croft, William (2002): *Typology and Universals*. Cambridge: Cambridge University Press (2nd edition)

García-Miguel, José M. (1995): *Las relaciones gramaticales entre predicado y participantes*. Santiago: Universidade

Haspelmath, Martin; Matthew S. Dryer; David Gil; & Bernard Comrie (2005): *The World Atlas of Language Structures*. Oxford: Oxford University Press

Kroeger, Paul R. (2005): *Analyzing Grammar. An Introduction*. Cambridge: Cambridge University Press.

Lyovin, Anatole V. (1997): *An Introduction to the Languages of the World*. Oxford: Oxford University Press

* Ruiz Antón, Juan Carlos (1998): *Curso de Tipología Lingüística. Enfoque funcional*. Castellón: Universitat Jaume I.

Moreno Cabrera, J. C. (2000): *Curso universitario de lingüística general. Tomo I: Teoría de la gramática y sintaxis general*. Madrid: Síntesis, 2^a edición.

Payne, Thomas E. (1997): *Describing Morphosyntax. A Guide for Field Linguists*. Cambridge: Cambridge Univ. Press

Payne, Thomas E. (2006): *Exploring language structure: A student's guide*. Cambridge: Cambridge University Press.

Tallerman, Maggie (1998): *Understanding syntax*. Londres: Arnold.

Horario docente

Luns 11-13 e Martes 13-15

Horario de titorías

pendente de establecer

Metodoloxía (forma na que se desenvolve a docencia)

As clases dedicadas a cuestións teóricas alternarán coa recompilación, ordenación e análise de datos de linguas diversas. Con cada tema fornecerase como mínimo un guión, unha lectura básica de carácter obrigatorio e un conxunto de tarefas e exercicios. Estes materiais, xunto con algúns materiais adicionais de utilidade, estarán dispoñíbeis a traveso da plataforma Faitic (<http://faitic.uvigo.es/>).

A clases dedicaranse fundamentalmente ao resume e comentario das lecturas básicas e á resolución de exercicios, polo que é moi importante que os alumnos asistan regularmente a clase e que preparen as lecturas e exercicios con antelación.

O principal traballo práctico de curso [30% da cualificación final] consiste na recompilación, análise e ordenación de datos gramaticais dunha lingua relativos aos distintos aspectos do temario da materia. Este traballo pode facerse individualmente ou en grupos de dúas persoas, utilizando bibliografía específica sobre a lingua escollida, seguindo un esquema predeterminado, coa axuda de cuestionarios que indican en qué aspectos da gramática das linguas debemos fixarnos e dunha plantilla na que podemos ir incorporando a nosa redacción.

Procedementos de avaliación

a) Exame(s) sobre os contidos da materia [40%]

b) Exercicios [30 %]: Asistencia continua e participación na clase. Realización dos exercicios e cuestións que se propoñan con cada tema.

c) Traballo(s) de curso [30%]: Recompilación, análise e ordenación de datos dunha lingua relativos aos distintos aspectos do temario da materia e/ou elaboración dunha monografía de orientación tipolóxica